



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso Superior de Técnico de Urbanismo 2007

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Históricos EGAP

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	216
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2007
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	SUPERIOR	<b>EDICIÓNS:</b>	1

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Desde unha perspectiva xeral, e con particular incidencia desde a vertente da lexislación galega, co fin de adaptar as ensinanzas do contido do curso á singular realidade de Galicia, preténdese aprofundar nos coñecementos teóricos e prácticos de dúas pezas clave do urbanismo: a planificación e a xestión urbanísticas. Ambas son instrumentos esenciais para a súa materialización e para a súa propia existencia

### DESTINATARIOS

A metade das prazas (24) ten como destinatario o cadro de persoal das diferentes administracións públicas de Galicia: funcionarios de carreira ou persoal interino dos grupos A e B que estean en posesión do título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro superior, así como persoal laboral dos grupos I e II que se encontre en posesión de calquera dos títulos anteriormente citados.

Poderán optar á outra metade das prazas os profesionais que dispoñan do título de licenciado (dereito, ciencias políticas, xeografía, socioloxía, etc.), arquitecto superior, enxeñeiro superior (agrónomo, camiños, etc.). No caso de que as prazas de calquera dos grupos non sexan cubertas, pasarán ao outro grupo.

### PROGRAMA

O curso estrutúrase nos seguintes módulos:

-Módulo I: Réxime urbanístico do solo.

1.

a) Lexislación urbanística galega.

b) Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 29 de decembro.

c) Principios xerais.

2. Réxime urbanístico do solo.

a) Clasificación do solo (Lei 6/1998 en relación coa Louga).

b) Solo urbano, categorías e réxime.

c) Solo urbanizable, réxime.

d) Solo de núcleo rural, réxime.

e) Solo rústico, categorías, réxime, autorizacións.

-Módulo II: Planificación urbanística.

1. Clases de instrumentos de ordenación. Disposicións xerais.

2. Normas subsidiarias e complementarias de planificación.

3. Plan Xeral de Ordenación Municipal.

a) Determinacións.

b) Documentación.

4. Plan de sectorización.

5. Planificación de desenvolvemento.

a) Plans parciais. Obxecto. Determinacións. Documentación.

- b) Plans especiais.
  - Protección.
  - Reforma interior
  - Infraestruturas e dotacións.
  - Protección, rehabilitación e mellora do medio rural.
- c) Catálogos.
- 6. Elaboración e aprobación dos instrumentos de ordenación. Natureza xurídica dos plans. ublicidade.
- 7. Efectos da aprobación dos plans.
- 8. Modificación e revisión dos plans. Supostos de indemnización.
  - Módulo III: Normas de aplicación directa.
- Módulo final.
  - a) Disposicións adicionais.
  - b) Disposicións transitorias.
  - c) Disposicións derogatorias e finais.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica independente, designada para o efecto, cuxa composición será publicada no portal web da EGAP. A comisión seleccionará os candidatos con independencia e discrecionalidade técnica respecto aos órganos directivos da EGAP.

Os criterios selectivos para a admisión neste curso serán os seguintes:

- a) Se os solicitantes son funcionarios, persoal interino ou persoal laboral das administracións públicas de Galicia: Daráselles prioridade a aqueles para os que exista unha relación directa entre as tarefas que realizan no desempeño do seus postos de traballo e as materias obxecto deste curso, o que se acreditará mediante os certificados e acreditacións curriculares correspondentes.
- b) Se os solicitantes non son persoal ao servizo das administracións públicas: Gozarán de preferencia aqueles solicitantes que acrediten documentalmente que a súa actividade profesional mantén relación co urbanismo e, ademais, poidan demostrar, a través do seu currículo, unha constatada experiencia neste campo. Valoraranse os seguintes méritos vinculados coa materia expresada: doutoramento; cursos de urbanismo; formar parte de equipos redactores de planificación xeral, equipos redactores de planificación de desenvolvemento ou equipos redactores de documentos de xestión; asistencia técnica a concellos e docencia universitaria.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

<b>LOCALIDADE:</b> Santiago de Compostela	<b>INICIO / FIN:</b> 08/03/2007 a 13/12/2007
---	--

<b>NUM. PRAZAS:</b> 48	<b>ESTADO:</b> NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	<b>DATA EXAME:</b>
------------------------	--	--------------------

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

O curso realizarase na Escola Galega de Administración Pública, rúa de Madrid, 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela